



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

---Documento: **ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 22 DE XUÑO DE 2009**

---Contrato: **DO SERVIZO DE FORMACIÓN EN MICOLOXÍA: CAMPAÑA DE DIVULGACIÓN.**

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: **24 DE XUÑO DE 2009**

Visto o expediente tramitado, de contratación dos servizos de “Formación en micoloxía: Campaña de Divulgación”.

Visto que, dentro do prazo, unicamente presentou solicitude de participación a empresa HIFAS DA TERRA, S.L.

Vista a documentación administrativa aportada polo licitador.

Tendo en conta que a oferta formulada polo licitador é conforme cos Pregos e a única presentada.

Visto o informe da Tesourería municipal de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias para co Concello.

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal do 17-06-09.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes Acordos:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de servizos “FORMACIÓN EN MICOLOXÍA: CAMPAÑA DE DIVULGACIÓN” por importe de 53.300,00 € á mercantil HIFAS DA TERRA, S.L. ( B36409290), con enderezo en Portamuiños nº 7, Bora – 36154 Pontevedra, con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

2º.- A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

- Certificacións acreditativas de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do Contratante. Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.- Notifíquese o presente Acordo e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

A Estrada 24 de xuño de 2009  
O ALCALDE,

Asdo. José Antonio Dono López